



Luns a venres




9:00 - 14:00 / 16:00 - 20:00



<https://bam.betanzos.gal>



@BAMbetanzos



AS CASAS DE BETANZOS NA HISTORIA

Comisario: Daniel Mena Acevedo

Museo das Mariñas
Exposición temporal
Abril - Xullo 2025



As casas son moito máis que construcións arquitectónicas, son microcosmos de historia social, económica e cultural. Desde o traslado da poboación de Betanzos O Vello en San Martiño de Tiobre ao castro de Unta no século XIII, as casas estiveron presentes ao longo da historia da cidade de Betanzos, deixando unha pegada documental, fotográfica, artística e patrimonial.



Núm. de	Total	Idem	Nombres que en la	Idem que	Total	Idem
Liquidos que	Núm. de	del n.º de	actualidad tienen las	tendran a lo sub-	del n.º de	de los acci.
debe llevar	caras que	por de ca-	Calles.	tervino?	iguales de	q. correspo-
cada calle.	contiene	da calle.			cada calle.	a los mirm.
1.	9.	"	Cañota.	Calle de la Cañota.	"	"

O Arquivo Municipal de Betanzos e o Museo das Mariñas albergan numerosas fontes e testemuñas para profundar na historia das vivendas da cidade. Referímonos aos expedientes de obras e urbanismo, á documentación fiscal, aos procesos xudiciais e ao rexistro de hipotecas, pero tamén ás escrituras, planos, debuxos e fotografías conservados entre os fondos de institucións relixiosas, de familias e de persoas. Todo isto, sen esquecer as creacións artísticas de artistas como Florencio Vidal e Sofía Feliu.

Esta exposición é unha viaxe ao pasado, pero tamén unha invitación para reflexionar sobre o noso patrimonio. Ao longo de toda a súa historia, a imaxe de Betanzos foi mudando coa construción de novas vivendas, así como a modificación e o derrubamento de moitas outras.

As actividades profesionais, as necesidades de espazo, o poder económico, a procura de confort e os cambios nos gustos estéticos explican en boa medida por que as casas experimentaron cambios nas súas fachadas e nos seus interiores. Neste sentido, é necesario conciliar as necesidades do presente co valor do patrimonio herdado, evitando que o abandono e a destrución priven ás xeracións presentes e futuras de testemuños da historia e a identidade de todos os betanceiros.

2.	15.	7.	2. ^{da} 1. ^a de Clérigos.	Calle de Vilbao?	8.	"
2.	18.	10.	3. ^{da} 2. ^a de Clérigos.	Calle de Colón.	8.	"
2.	16.	8.	1. ^{da} 3. ^a de Clérigos.	Calle de Pirarri.	8.	8.